

## Sumario | nº39 – Xullo 2024

EDIUS NOVAS

### Aprobado o novo Regulamento de Estudos de Doutoramento da USC

*Entrará en vigor, con varias disposiciónstransitorias, en canto se publique no DOG*

### Disposicións transitorias



ENTREVISTA

Pablo Taboada Antelo,  
director da Escola Internacional  
de Doutoramento da USC

### PREMIO EXTRAORDINARIO DE DOUTORAMENTO 2021/22

As melhores teses da USC defendidas no curso 21/22 recibiron o seu premio extraordinario de doutoramento



«O novo Regulamento é un paso adiante para todo o colectivo de doutoramento»

ENTREVISTA



Dolores Vilavedra Fernández

Subidirectora Área de Artes e Humanidades

«Unha tese non se pode facer con mentalidade funcionalista: a investigación é unha amante esixente que nos vai demandar unha atención case absoluta»

EDIUS NOVAS

Premio extraordinario de doutoramento 22-23

EDIUS NOVAS

A profesora María José Ginzo, recoñecida co premio á mellor tese en Humanidades Dixitais



EDIUS NOVAS

Marcos Vilela,  
Premio Lilly de Investigación para Alumnos de Doutoramento



**EDIUS**   **NOVAS**

# Aprobado o novo Regulamento de Estudos de Doutoramento da USC

*Entrará en vigor, con varias disposicións transitorias, en canto se publique no DOG*



O Consello de Goberno aprobou o pasado mes de xuño o novo Regulamento de Estudos de Doutoramento da Universidade de Santiago. Sen embargo, a entrada en vigor da normativa está pendente da súa publicación no Diario Oficial de Galicia.

O presente texto incorpora todos os cambios normativos producidos dende a aprobación do anterior Regulamento de Estudos de Doutoramento da USC, aprobado polo Consello de Goberno do 24 de xullo de 2020, e que implican a modificación de aspectos substanciais do funcionamento dos programas de doutoramento que redundarán na mellora das condicións nas que as persoas doutorandas desenvolven os seus estudos.

**Ir ao sumario**

Para facilitar o tránsito entre os dous regulamentos, establecense tres disposicións transitorias. A primeira delas fai referencia ás excepcións á aplicación da nova normativa. Nas disposicións segunda e terceira concrétanse os apartados do novo regulamento que se aplicarán a partir do 1 de setembro de 2024 e cales a partir do mesmo día de 2025. Tedes toda a información sobre estas transitorias na información da seguinte páxina.

Entre as principais novedades que se introducen no presente Regulamento está a previsión de que a EDIUS proporcione asesoramento ás persoas doutorandas para a súa integración nos programas de doutoramento, así como a obrigatoriedade de contar cun plan de formación persoal. Ademais, establecése que aquelas teñan a consideración de investigadores e investigadoras en formación e refórzase a obrigación da persoa directora da tese de acompañar e asesorar durante todo o proceso de elaboración desta.

Outra das novedades do novo regulamento é a ampliación da duración máxima dos estudos de doutoramento, tanto na modalidade de tempo completo como na de tempo parcial. A tempo total, pasarán a ter unha duración de 4 anos más a posibilidade dunha única prórroga dun ano. O doutoramento a tempo parcial, pasa a ter unha duración de sete anos e a posibilidade tamén de prorrogalo un ano.

Así mesmo, revisanse as causas de suspensión do cómputo de tempo para a realización destes estudos como consecuencia de situacions de incapacidade temporal, nacemento, adopción, garda con fins de adopción, acollemento, risco durante o embarazo, risco durante a lactación e violencia de xénero.

Por outra banda, introducíense unha serie de medidas vinculadas coa supervisión e evaluación do traballo desenvolvido pola persoa doutoranda e a garantía da súa calidade. Así, por exemplo, esíxese que cada tese de doutoramento conte cun mínimo de dous informes emitidos por persoas doutoras expertas na materia e externas á universidade na que se atopa matriculada a persoa doutoranda, quen poderá propor aspectos de mellora. Prevese, ademais, que o tribunal que avalie a tese estea formado por unha maioria de membros externos non só á universidade onde se defende a tese, senón tamén ao programa no que ten formalizada a matrícula a persoa doutoranda, e garántese que o tribunal teña unha composición equilibrada entre homes e mulleres.

Por último, regúlanse diversos aspectos relacionados cos requisitos de acceso e admisión aos programas de doutoramento, a Mención Internacional e a Mención Industrial no título de Doutora ou Doutor, e as teses en réxime de cotutela.

# Disposicións transitorias

Novo Regulamento de estudos de doutoramento da Universidade de Santiago de Compostela

O novo Regulamento de estudos de doutoramento da Universidade de Santiago de Compostela foi aprobado no último consello de Goberno da USC deste curso académico. Sen embargo, haberá que agardar á súa publicación no DOG para que entre en vigor.

O novo regulamento inclúe algunas disposicións transitorias que imos analizar:

## DISPOSICIÓN TRANSITORIA PRIMEIRA. EXCEPCIÓN Á APLICACIÓN DO REGULAMENTO

Este Regulamento aplicarase a todas ás persoas doutorandas matriculadas con anterioridade á entrada en vigor do mesmo, coas seguintes excepcións:

a) Persoas doutorandas que iniciaron os seus estudos antes do curso académico 2023-2024 seránllas de aplicación os artigos 20 e 21 do Regulamento de Estudos de Doutoramento da USC publicado no DOG do 16 de setembro de 2020 referidos ao cómputo do tempo de permanencia, á duración máxima e mínima e ás prórrogas dos seus estudos de doutoramento.

b) As persoas doutorandas que iniciaron os seus estudos antes do curso 2023-2024 non terán:

- i. A obriga de presentar o plan de formación persoal referenciado no artigo 30 do Regulamento que vai entrar en vigor.
- ii. A obligación de cumplir o requisito referenciado no artigo 37.2. a) do futuro Regulamento, relativo á orde de sinatura das contribucións

que formen parte dunha tese por compendio de publicacións, sempre que tales contribucións estean xa aceptadas ou publicadas no momento de entrada en vigor do texto.

iii. A obriga de observar os requisitos referenciados no artigo 38. a) relativos á duración mínima das estancias de investigación realizadas coa finalidade de obter a mención de “Doutoramento Internacional”, sempre que as devanditas estadías se realizen con anterioridade á entrada en vigor do Regulamento.

## DISPOSICIÓN TRANSITORIA SEGUNDA. APLICACIÓN DE DETERMINADOS APARTADOS A PARTIR DO 1 DE SETEMBRO DE 2024

A obrigatoriedade de contar con dous informes externos da tese, recollida no artigo 41.2 do futuro Regulamento, será aplicable a todas as persoas doutorandas a partir do 1 de setembro de 2024, en consonancia co disposto na disposición transitoria primeira do Real Decreto 573/2023, do 4 de xullo.

## DISPOSICIÓN TRANSITORIA TERCEIRA. APLICACIÓN DE DETERMINADOS APARTADOS A PARTIR DO 1 DE SETEMBRO DE 2025

As condicións recollidas nos artigos 34, 35, 36, 37 e 38 do futuro Regulamento serán de aplicación a partir do 1 de setembro de 2025. Ata ese momento, aplicaranse no seu lugar os artigos 34, 35, 36, 37 e 38 do Regulamento de Estudos de Doutoramento da USC aprobado polo Consello de Goberno do 24 de xullo de 2020.

**ENTREVISTA**



Pablo Taboada Antelo

Pablo Taboada Antelo,  
director da Escola Internacional de Doutoramento da USC

## «O novo Regulamento é un paso adiante para todo o colectivo de doutoramento»

Aínda que o novo Regulamento de Estudos de Doutoramento da USC xa está aprobado, non entrará en vigor até a súa publicación no Diario Oficial de Galicia. Este texto incorpora os cambios normativos que se foron producindo desde a aprobación do anterior Regulamento (DOG do 8 de setembro de 2020). O seu obxectivo é a mellora das condicións nas que as persoas doutorandas desenvolven os seus estudos. Das novedades e implicacións, falamos co director da Escola Internacional de Doutoramento da USC, Pablo Taboada Antelo.

### Cal é o alcance da reforma do regulamento?

A reforma do Regulamento de Estudos de Doutoramento xorde como consecuencia da experiencia de dez anos de existencia dos programas de doutoramento baixo a regulación actual (RD99/2011) e a detección ao longo destes anos de diversas eivas ou debilidades que era necesario abordar. Por outra banda, nos últimos dous anos aprobáronse diversas normativas de calado a nivel nacional que afectan ao doutoramento.

### Cales son?

Por unha banda, o Real Decreto 822/2021 do 28 de setembro, polo que se establece a organización das ensinanzas universitarias e do procedemento de asegurar a súa calidade. Este documento incorpora certas referencias á interdisciplinaridade científica e á adquisición de habilidades relativas á investigación, que deben ser pois contempladas na normativa. Por outra, desenvólvese unha nova Lei Orgánica de Universidades, a 2/2023 do 22 de marzo, que afecta, evidentemente, ao doutoramento en cuestións relacionadas coa súa internacionalización, coa conexión coas necesidades sociais e da contorna local e global. Todas estas actualizacions normativas, así como as correccións necesarias tras o paso destes dez últimos anos, deron lugar á necesidade de modificar o anterior Real Decreto mediante o RD576/2023, para adecuar o desenvolvemento normal académico e administrativo dos estudos de doutoramento.

### Que cousas cambian, principalmente?

Algunhas das modificacións principais son de bastante calado. Quizais a principal sería a ampliación dos estudos de doutoramento. Até setembro

## «O novo regulamento, seguindo a normativa nacional, amplía o período dos estudos a tempo parcial e completo»

 Ir ao sumario

de 2023, a duración destes estudos a tempo completo seguía un esquema de 3+1+1, é dicir, 3 anos de duración coa posibilidade dunha prórroga dun ano, que practicamente se concedía de forma automática baixo petición. E había a posibilidade de solicitar unha segunda prórroga doutro ano adicional, pero neste caso con causas ben xustificadas. A tempo parcial, o esquema era 5 + 2 +1 (5 anos de tutela académica, unha posible prórroga case automática de dous anos e a posibilidade de solicitar outra prórroga adicional dun ano).

### Como quedan os tempos co novo regulamento?

O novo regulamento, seguindo a normativa nacional, amplía o período dos estudos a tempo parcial e completo. A tempo total, pasan a ter unha duración de 4 anos máis a posibilidade dunha única prórroga dun ano. O doutoramento a tempo parcial, pasa a ter unha duración de sete anos e a posibilidade tamén de pedir unha prórroga adicional por un ano. As persoas que presenten unha discapacidade de grao superior ao 33% poderán facer a tese a tempo completo nun período de até seis anos (+1 de prórroga) e de nove, a tempo parcial. Este será quizais o cambio de maior calado.

### Algunha outra modificación salientable?

Tamén se modifica a necesidade de que as teses veñan informadas por dous expertos externos á universidade. Ademais, existe a necesidade de presentar un plan de formación

xunto co plan de investigación. Por outro lado, as teses con mención internacional terán que vir escritas cando menos nun 25% nun idioma distinto do galego ou o castelán cando a estadía se faga nun país de lingua non hispanofalante. Neste caso, unha relativamente significativa parte da defensa oral (o 25%) debe estar tamén realizada nese idioma estranxeiro, co obxectivo de realizar esta mención.

### Houbo algúns cambios que proven de acordos da comisión executiva da EDIUS. Cales son?

Son, por exemplo, cuestións relativas ao formato das teses e sobre a información que debe conter. A idea é que as teses recollan unha serie de puntos comúns a todas. Por exemplo, que se recolla e se indique de maneira explícita unha hipótese, uns obxectivos, etc. Tamén se clarifica onde hai que colocar algunha documentación e/ou información.

### Pode poñer un exemplo?

En teses que reproduzcan contidos que foran previamente recollidos nunha ou más publicacións do doutorando ou doutoranda, hai que indicar exactamente onde se ten que colocar o listado desas publicacións que aportan contidos. Tamén se realizan melloras de redacción e reformulacións de diversos artigos como os referidos a cambios de programa, simultaneidade de estudos, motivos polos que se pode acceder a unha baixa a petición propia, etc. En resumo, tratouse de mellorar e/ou clarificar diversas cuestións que deron lugar ao longo destes anos a situacións onde houbo que facer

unha interpretación da normativa existente. Este documento trata de clarificar esas cuestións de maneira definitiva.

### No regulamento hai aspectos que non son de cumprimento inmediato, senón que hai unha transición. Que se pretende?

Este regulamento entrará en vigor no momento da súa publicación no Diario Oficial de Galicia. Co obxectivo de non prexudicar a unha parte do alumnado actualmente matriculado, hai unha serie de cuestións para as que se establece un réxime transitorio. Por exemplo, para aqueles doutorandos e doutorandas que se matricularan antes de setembro de 2023, a duración dos seus estudos será a da anterior regulamentación. E as persoas que se matricularan por primeira vez antes desa mesma data tampouco teñen a obriga de presentar o plan de formación. Ademais, se xa realizaron previamente estadiás de investigación están exentos de cumplir o requisito de que cando menos unha delas debe ter unha duración superior a un mes. Tamén estarán exentos até setembro de 2025 de cumplir o requisito de que a tese, se opta a mención internacional, teña que estar escrita como mínimo nun 25% nun idioma distinto do galego ou o castelán. En resumo, o que se busca é facilitarlle as cousas ao estudiantado que actualmente xa ten moi avanzada a tese e que este cambio normativo lles produza o menor impacto posible.

### Hai algunha outra modificación que, ao seu entender, cre que debería estar recollida?

A modificación do RD99/2011 recolle xa algunhas das cuestións que se viñan aplicando ou interpretando na EDIUS. Por exemplo, a modificación do Real Decreto recolle como condición que para que unha tese poida ter máis dun director (en concreto, tres) que

teña interdisciplinaridade temática ou que se desenvolva baixo o amparo dun proxecto de investigación competitivo. Este criterio xa se viña aplicando nos últimos anos na Universidade de Santiago.

### Que cousas deberían mellorar áinda máis?

Como toda regulamentación nacional, é quizais demasiado xenérica nalgúns aspectos. Por exemplo, non define o que debemos entender por unha tese con interdisciplinariedade temática. Sobre os premios extraordinarios de doutoramento, a modificación do Real Decreto introduce un novo artigo, algo que xa estaba contemplado no noso actual regulamento. Na modificación do RD indícase de maneira explícita que se vai a outorgar un destes premios cada dez teses presentadas e defendidas nas universidades. Sen embargo, non especifica a maneira en que se van repartir estes galardóns, se por programa de doutoramento, por área de coñecemento, pola área concreta á que pertence... Isto estaba a crear, e pode seguir creando, aleatoriedades entre as universidades. Que a asignación destes premios siga sendo distinta entre as universidades pode levar a que non se realicen ou non se asignen con criterios totalmente homoxéneos.

### Que di o regulamento con respecto ás baixas?

Na miña modesta opinión, deberían estar mellor reguladas as motivacións polas que o alumnado pode solicitar unha baixa temporal a petición propia. Se non é así, estas baixas poden converterse nun mecanismo para aumentar o tempo de duración dos estudos de doutoramento dunha maneira artificial. Estas indefinicións da normativa nacional impactan de maneira directa no noso regulamento. Neste sentido, tivemos que tomar e consensuar unha serie de decisións para tratar de elaborar unha norma o máis concreta posible e que sexa razoable e razonada academicamente. Buscando, na medida do posible, o beneficio do estudiantado de doutoramento e o profesorado dos programas.

**Catro anos desde o anterior regulamento. É demasiado tempo?**

Evidentemente, non é un tempo demasiado grande, pero ao longo destes catro anos xa se detectaran diversas cuestións que precisaban ser explicitadas e aclaradas. E o mecanismo que se empregou para iso foron acordos da comisión executiva da EDIUS.

**Este texto, en que vai mellorar a vida académica das persoas doutorandas?**

Creo que a nova normativa vai axudar a clarificar algunas cuestións nas que os doutorandos e doutorandas tiñan dúbidas. Quizais porque a difusión desa información fose insuficiente e non se empregaron as canles correctas ou, simplemente, non chegou a todos os destinatarios a pesar de que se fixeron xornadas informativas, enviáronse correos electrónicos, etc. Algunhas dúbidas estaban referidas á estrutura e contidos das teses; aos motivos dunha baixa temporal; ás condicións nas que se pode simultanear o doutoramento con outros estudos oficiais; sobre os mecanismos polos que un doutorando/a pode cambiar de programa; ou o papel da comisión de calidade da escola como órgano que axudará a clarificar e a mediar en situacións de conflito. Creo, sinceramente, que esta normativa é un paso adiante para todo o colectivo de doutoramento.

**Cal pode ser o impacto desta normativa no persoal docente?**

Na normativa nacional refórzase o papel de supervisión de titores/as e directores/as de teses, non só no ámbito académico e científico, senón tamén para prover ao estudiante da información necesaria para proseguir a súa carreira investigadora ou para a inserción no mundo laboral. Tamén se especifica ou se implementan as razóns de incompatibilidade para titorizar ou supervisar unha tese, ao tempo que se concretan os criterios de incompatibilidade para formar parte de tribunais de tese. Así mesmo, a clarificación de aspectos estruturais, formais, de contido e de documentación que hai que adxuntar no momento da solicitude de depósito e defensa dunha tese vai facilitar ese labor de titores e directores no estadio final de desenvolvemento dunha tese.

**Foi un proceso longo e traballoso de moita xente. Que lles diría?**

Quero agradecer as contribucións e o apoio do colectivo de profesores/as e coordinadores/as do programa aos cambios que se introducen neste regulamento. Tamén o gran labor que fixo o colectivo de estudiantes coas súas suxestións e aportacións. Por último, agradecer ao resto de equipo directivo da Escola e ao seu persoal o gran e importante traballo realizado para dar á luz esta nova normativa.

**«Creo que a nova normativa vai axudar a clarificar algunas cuestións nas que os doutorandos e doutorandas tiñan dúbidas»**

**EDIUS**   **NOVAS**

## Premio extraordinario de doutoramento 22-23


Convocados os Premios Extraordinarios de Doutoramento correspondentes ao curso 2022-23. Até o día vindeiro 12 de xullo, está aberto o prazo para presentar alegacións ás teses candidatas. Esta e outra información pode consultarse na [seguinte ligazón](#).

Calquera dúbida ou consulta sobre o procedemento débese realizar por correo electrónico, indicando a grande área de coñecemento correspondente ao endereço da EDIUS [edius@usc.es](mailto:edius@usc.es).

No Taboleiro electrónico da USC pódese atopar a [normativa](#) pola que se rexe a concesión dos premios neste ano, e a [convocatoria](#) cos seus anexos: o Anexo I coa distribución de subáreas; o Anexo II coas teses que optan ao premio; e Anexo III cos criterios de valoración das solicitudes.

O procedemento iníciase cun prazo de alegacións á listaxe de teses candidatas a premio (Anexo II) e aos datos consignados nesa lista, previo ao prazo de presentación de solicitudes. Tanto as alegacións como as solicitudes realizaranse a través dun formulario habilitado en Sede electrónica da USC. No caso das solicitudes, ademáis, cada persoa candidata deberá cubrir o Modelo de solicitude e subilo ao formulario de sede xunto coa documentación xustificativa de cada mérito.

O prazo para que os e as candidatos/as presenten a súa solicitude dará comezo unha vez que, estimadas as alegacións que procedan, publíquese, de ser o caso, un novo documento. Desde o día seguinte ao da publicación deste novo Anexo II as persoas interesadas contarán con dez días hábiles para presentar a súa solicitude. **Do 16 ao 30 de xullo de 2024.**



**PREMIO EXTRAORDINARIO DE DOUTORAMENTO 2021/22**

## As mellores teses da USC defendidas no curso 21/22 recibiron o seu premio extraordinario de doutoramento



Por segundo ano consecutivo, as persoas gañadoras do Premio Extraordinario de Doutoramento da USC recibiron o importante recoñecemento nun acto público no que estiveron arroupados por familiares, amigos e algúns directores e directoras de tese.

A cerimonia presidiuna a vicerreitora de Titulacións e Internacionalización, María José López Couso, e nela participou ademais a secretaria xeral, Dulce María García Mella, e a secretaria da EDIUS, María Isabel Neira Gómez. No nome das persoas premiadas interveu Carmen de Santiago Gómez, doutora pola USC no Programa de Doutoramento en Estudios Medievais e premio extraordinario da área de Artes e Humanidades nesta convocatoria de 2021/2022.

Xunto a Carmen de Santiago foron premiados outros catro doutorandos e doutorandas da área de Artes e Humanidades, dez da de Ciencias e Enxeñarías, doce na de Ciencias da Saúde e oito da de Ciencias Sociais e Xurídicas.

Carmen de Santiago Gómez explicou que este premio “reconforta porque recoñece o traballo ben feito” e destacou a importancia do labor da investigación asegurando que “o coñecemento nútrese de esforzos como o noso”. Santiago Gómez resumiu a etapa de doutoramento como “aprender para contribuír á aprendizaxe doutros”.

A vicerreitora de Titulacións despediu o acto dándolles os parabéns e insitandoos “a conquistar o mundo, que está agardando por vós”.

Ir ao sumario

**EDIUS** **NOVAS**

# ‘José Otero-Carmela Martínez’ e ‘César Oro e José García Oro’, dúas convocatorias de axudas para o alumnado de doutoramento

A Universidade de Santiago de Compostela pon en marcha un ano máis a convocatoria de axudas ‘**José Otero – Carmela Martínez**’ para o fomento da investigación a través dos estudos de doutoramento na USC durante o curso 2024-2025. Ao longo deste mes de xullo, publicarase oficialmente a convocatoria cos prazos, requisitos das persoas beneficiarias, contía das axudas e obxectos subvencionables.

Estas axudas van destinadas ao estudantado de doutoramento con menos recursos económicos ou que se atopen nunha situación persoal e familiar de gravidade en función dos indicadores de vulnerabilidade e risco de exclusión social.

Deste xeito, e en colaboración coa Fundación José Otero-Carmela Martínez, a Universidade de Santiago de Compostela quere posibilitar que aquelas persoas matriculadas nun programa de doutoramento que non poidan sufragar a súa formación, teñan a oportunidade de continuar coa súa investigación cara á excelencia na realización da tese doutoral.

As axudas destinaranse a cubrir os gastos da matrícula, así como aqueles outros que, de maneira xustificada, se deriven ou sexan necesarios para a realización das actividades conducentes a lograr os obxectivos académicos fixados no Plan de Investigación.

A información desta convocatoria publicarase na páxinas da USC e da EDIUS.

A outra das convocatorias da USC é a axuda ‘**César Oro García e José García Oro**’ para fomentar a mobilidade investigadora das persoas matriculadas nun programa de doutoramento da universidade compostelá dos ámbitos da filoloxía, as humanidades, a historia e a xeografía. Este é o primeiro ano que se convoca esta axuda, que ten por obxecto a concepción dun número limitado de achegas económicas a aquelas persoas que, cumprindo os requisitos para seren beneficiarias, non contén os recursos específicos para realizar as accións de mobilidade derivadas da súa actividade investigadora e necesarias para realizar a tese de doutoramento.

O profesor César Oro García, catedrático de Lingua e Literatura Galego-Portuguesa e Castelán na Universidade de Howard, faleceu o 16 de marzo de 2013 en Washington, legando no seu testamento o 25% dos seus bens á Universidade de Santiago para crear un fondo destinado a promover os estudos dos doutorandos e doutorandas en memoria do historiador e relixioso José García Oro, quen exerceu como profesor na Facultade de Xeografía e Historia da nosa universidade.

Será tamén durante este mes de xullo cando se faga pública esta convocatoria de axudas. A información sairá publicada nas páxinas web da USC e da EDIUS.

**Ir ao sumario**

**ENTREVISTA**



**Dolores Vilavedra Fernández**

Subidirectora Área de Artes e Humanidades

## «Unha tese non se pode facer con mentalidade funcional: a investigación é unha amante esixente que nos vai demandar unha atención case absoluta»

*Dolores Vilavedra Fernández é doutora pola Universidade de Santiago de Compostela coa tese "[Análise da polifonía na novela galega variabilidade diacrónica dos emisores textuais](#)" (1994). Na actualidade é profesora de Literatura Galega na USC e forma parte do consello de redacción da revista Grial, onde dirixe a sección de crítica literaria. Dolores Vilavedra coordinou ademais o [Diccionario da literatura galega](#), en catro tomos, que publicou a editorial Galaxia.*

### Como describiría o seu labor na EDIUS?

Como un reto, intenso e gratificante. E como unha grande responsabilidade.

### Que lle reporta tanto nivel profesional como persoal?

A nivel persoal, gústame moito traballar nun equipo no que hai moita xente máis nova ca min. Aprendo moito e xéranse dinámicas de discusión de diferentes puntos de vista que son moi ricas. Xa no plano profesional, a interdisciplinariedade na que, como equipo directivo, nos movemos decote e a posibilidade que o traballo na Edius me ofrece de coñecer moi de preto a cantidade e a calidade da investigación que se realiza na USC. E unha descuberta: que a burocracia pode (e debe) ser unha ferramenta ao servizo da igualdade de oportunidades.

### O doutoramento é cada vez unha opción más atractiva para o estudiante porque...

É unha oportunidade ideal para dedicar un tempo da vida a estudar en profundidade algo que che interesa, e isto ten un punto de subversivo nunha sociedade cada vez máis produtivista. A esperanza de vida cada vez é más longa: acabou aquello de facer o mesmo dende que saes do grao ata que te xubilas e, sendo así, porque non dedicar uns anos á investigación? Hai algo de alternativo nesa decisión, coido, de tentar vivir de xeito diferente aos modelos que a sociedade de consumo capitalista nos impón.

### Que peculiaridades ten a área Artes e Humanidades?

Diría que é un ámbito no que aínda hai unha grande marxe para que o alumnado poida orientar a súa investigación segundo os seus propios

intereses: hai unha primeira fase no traballo de investigación en Humanidades na que ten ou pode ter moita importancia a creatividade. E iso é algo moi estimulante para quen fai a tese e pode ser moi determinante da calidade e excelencia do resultado final. Xa nun plano máis técnico, a extensión e duración das teses, áinda que aquí se están a apreciar mudanzas notables a partir da implantación do actual modelo de doutoramento.

**É a área na que existe más paridade entre doutorandas (53%) e doutorandos (47%). Cales poden ser as razóns? É historicamente así?**  
Coido que en Humanidades nos custou menos chegar a esa cifra seguramente porque partiamos dunha situación de claro predominio do estudiantado feminino.

**Na súa longa traxectoria como directora de teses, que cambios positivos e negativos destacaría entre o alumnado?**

En xeral, apréciase unha maior capacidade para delimitar mellor o tema e os obxectivos; no negativo, sinalaría unha tendencia inquietante a

seguir o que eu chamo ‘modas académicas’ e a abeirse aos grupos que teñen máis recursos, o cal é comprensible pero sempre me pregunto ata que punto isto non leva ao alumnado a relegar os seus propios intereses ou mesmo a nin sequera chegar a formularse cuestiós que deberían ser básicas na investigación: que me interesa estudar? porque quero estudar isto?

**Un consello para a xente que está facendo a tese...**  
Que escollan un tema que lles interese, que sexan constantes e que entendan que unha tese non se pode facer con mentalidade funcional: a investigación é unha amante esixente que nalgún momento nos vai demandar unha atención case absoluta.

**Outro para os directores/as, titores/as e coordinadores/as de tese...**

Que superen a rutina e, além das dinámicas grupais, saiban ver o que a tese supón para cada persoa en concreto e que implica orientar a cada unha das persoas, que son todas elas diferentes e que terán distintas necesidades no plano profesional pero tamén no persoal.



**EDIUS** | **NOVAS**

# A profesora María José Ginzo, recoñecida co premio á mellor tese en Humanidades Dixitais

O traballo “Técnicas estatísticas en xeolingüística. Modelización onomástica”, da profesora axudante doutora do Departamento de Estatística, Análise Matemática e Optimización da USC, María José Ginzo Villamayor, vén de gañar o III Premio Sociedade Internacional de Humanidades Dixitais Hispánicas-Fundación BBVA á Mellor Tese Doutoral 2023.



Os apelidos poden utilizarse como fonte de información para caracterizar a poboación dunha rexión, dado que a análise dos patróns que se observan na súa distribución proporciona información sobre os movementos e características das poboacións. A identificación destes patróns a través de medidas de isonimia é un problema que ten sido abordado por diferentes autores/as.

Para a concesión do premio, o xurado valorou nesta tese “a exploración de novos métodos estatísticos para o estudo da onomástica, a partir da análise das relacións entre a estrutura demográfica e social das poboacións e a organización espacial e histórica da diversidade lingüística. O traballo parte dunha problemática de onomástica concreta, como é a construcción de rexións de apelidos en Galicia, e aplica modelos de patróns espazo temporais extrapolables a outras rexións”.

Valorouse á súa vez que a tese combina o manexo dun gran volume de datos de diversos territorios de España coa visualización cartográfica. Así mesmo, ofrece unha biblioteca en código abierto das técnicas aplicadas na súa investigación, permitindo a replicabilidade do estudo e a reutilización da ferramenta por parte da comunidade científica.

## O XURADO

Presidido pola catedrática de Literatura Española da Universitat de València, Teresa Ferrer, contou como vogais coa profesora do Departamento de Filoloxías Estrangeiras e as súas Lingüísticas da UNED, Iria da Cunha; a coordinadora do Grao en Enxeñaría en Organización Industrial da Universidade Internacional de La Rioja, María Luisa Díez Platas; o catedrático de Historia Contemporánea da USC, Lourenzo Fernández; a profesora de Xeografía Humana da Universidade de Estremadura, Ana Nieto; a profesora dos Estudos de Artes e Humanidades da Universitat Oberta de Catalunya, Joana María Pujadas; e o director do Museo de Belas Artes de Bilbao, Miguel Zugaza.

## Entrevista coa autora

### Que supón para ti este recoñecemento?

Por unha banda, un recoñecemento á calidade da miña investigación polo rigor metodolóxico empregado e á contribución innovadora ao campo das humanidades dixitais. A miña tese abre novas vías para á investigación neste campo mediante a aplicación de métodos estatísticos avanzados.

### É unha investigación só aplicable en Galicia?

Non. O feito de que os modelos e métodos desenvolvidos sexan extrapolables a outras rexións ou a outros contextos aumenta o impacto potencial, permitindo que outros investigadores/as utilicen e adapten estas técnicas a diferentes contextos xeográficos e culturais. Ademais, este traballo pon a Estatística e Investigación de Operacións ao servizo da sociedade. Penso que este premio representa un importante impulso na miña carreira académica e profesional abrindo oportunidades para colaboracións e o desenvolvemento de futuras investigacións.

### Poderías resumir a túa tese en poucas liñas?

Esta tese céntrase na introdución de novas técnicas estatísticas para o tratamento de datos e modelización en xeolingüística, concretamente, en datos de onomástica en Galicia. O documento estrutúrase de acordo con dous problemas principais: (i) construcción de rexións de apelidos en

Galicia e (ii) estudo e modelización de patróns espaciais e espazo-temporais dos apelidos.

### Como se lle ocurreu investigar sobre este tema?

Investigadores do Instituto da Lingua Galega (ILG) fixéronme unha consulta estatística sobre o tratamiento de datos onomásticos. Eu traballaba no Servizo de Consultaría Estatística do grupo Modestya e dedicábame a resolver dúbdidas, prestar asesoramento estatístico, etc. E comecei con esa consulta e a verdade me resultou bastante interesante e curioso. Falando con Rosa Crujeiras, a que despois foi a miña directora de tese, sobre o tema, me dixo, aquí hai tema para facer unha tese neste contexto e como a min me estaba entrando o gusanillo porque me gustaba moito o tema, mentres resolvía as dúbdidas plantexadas díxenlle a Rosa que si e así foi como empezamos e elaboramos o plan de investigación.

### Cal é a utilidade práctica da túa tese?

Ao introducir técnicas estatísticas avanzadas e metodoloxías dixitais no estudo da onomástica, esta tese contribúe ao avance do coñecemento tanto en humanidades como en metodoloxías e tecnoloxías da información. Estas novas ferramentas permiten unha análise más sofisticada e precisa dos datos, o que pode levar a descubrimientos e comprensións más profundas neste campo de estudio.

**«Este premio representa un importante impulso na miña carreira académica e profesional abrindo oportunidades para colaboracións e o desenvolvemento de futuras investigacións»**

**EDIUS** NOVAS

# Marcos Vilela, Premio Lilly de Investigación para Alumnos de Doutoramento

O doutorando do Centro Singular de Investigación en Química Biolóxica e Materiais Moleculares (CiQUS) da USC Marcos Vilela vén de gañar un dos XXII Premios de Investigación para Alumnos de Doutoramento que convocan a Real Sociedade Española de Química e Lilly en recoñecemento de traballos nas áreas de Química Orgánica, Farmacéutica e Analítica.

A tese de Marcos Vilela, supervisada polo investigador principal do CiQUS Juan R. Granja e polo profesor Manuel Amorín, leva por título "Supramolecular systems based on cyclic peptides for the selective transport of antitumor drugs" e céntrase en desenvolver nanotubos peptídicos sensibles a estímulos externos como a luz, así como a súa potencial aplicación para o transporte de fármacos antitumoriais ata as células cancerosas.

Os nanotubos peptídicos son estruturas con forma de tubo formadas polo apilamento de péptidos cílicos. "Por exemplo, conseguimos controlar a forma do tubo ou a súa formación e disagregación mediante a irradiação co apropiado tipo de luz. Doutra banda, estamos a desenvolver unha estratexia baseada nestes nanotubos para o transporte de fármacos antitumoriais ata células cancerosas resistentes" explica Vilela.

Vilela gañou este recoñecemento xunto a Andrea Palone, da Universitat de Girona (UdG) e Università degli Studi dei Roma "Tor Vergata", e a Beatriz Arévalo, da Universidade Complutense de Madrid (UCM).

Trátase do décimo galardón que recibe o CiQUS nos premios Lilly de Investigación. En anteriores edicións foron recoñecidos José Manuel González (2023), Soraya Learte (2021), Eva Rivera (2021),

Noelia Casanova (2017), Andrés Seoane (2015), Mateo Sánchez (2014), Isaac Alonso (2013), Lorena Tizón (2012) e Olalla Vázquez (2010).



## FALAMOS CO PREMIADO

### Como recibiches a noticia deste premio?

Foi unha inmensa alegria. A verdade é que non o esperaba dado o gran número e a calidade dos doutorandos/as que concorren a este premio. Colleume por sorpresa e ao principio non o crin.

### Que supón para ti?

É un gran orgullo despois de todo o esforzo e sacrificio que supón a etapa de doutoramento. Síntome moi agradecido e débollo a todas as persoas que me axudaron ata este momento: os meus directores de tese, os meus compañeiros de laboratorio, os meus amigos e a miña familia. Non o sinto como un premio individual, porque eles son unha peza fundamental desta etapa e estou moi agradecido a todos.

### Como cres que vai afectar á túa investigación?

Actualmente estou rematando a miña tese, polo que me dá moita forza para rematar esta etapa da mellor maneira. Tamén supón unha gran motivación para afrontar os novos retos que virán no futuro.



# Teses

Xuño 2024

*Imagen molecular en el diagnóstico de la amiloidosis cardíaca con 99mTc-ácido 3,3-difosfona-1,2-propanodicarboxílico (99mTc-DPD)*

**MARÍA DEL CARMEN MALLÓN ARAUJO**

**Director/es:** Virginia Pubul Núñez, Álvaro Ruibal Morell

**PD:** Investigación Clínica en Medicina

**Data:** 03/06/2024 - Presencial

*Dimensiones e indicadores sintéticos de pobreza infantil multidimensional. Una aplicación a España y Galicia*

**MARÍA NOEMÍ IGLESIAS RODRÍGUEZ**

**Director/es:** Ángela Troitiño Cobas

**PD:** Desenvolvemento Rexional e Integración Económica

**Data:** 03/06/2024 - Presencial

## Resumo:

La amiloidosis cardíaca (AC) es una miocardiopatía infiltrativa restrictiva, originada por el depósito de proteínas amiloïdes en el espacio extracelular miocárdico, siendo las más frecuentemente relacionadas con el corazón, la transtirretina (TTR) y las cadenas ligera (CL). Era considerada una patología infradiagnosticada por la necesidad del uso de estudios invasivos (biopsia endomiocárdica) para su diagnóstico, sin embargo; hoy en día la gammagrafía con 99mTc ácido 3,3-difosfona-1,2-propanodicarboxílico (99mTc-DPD) permite diagnosticar con precisión la amiloidosis cardíaca por depósitos de ATTR (AC-ATTR) sin necesidad de realizar una biopsia. El objetivo de este estudio de investigación es evaluar la rentabilidad diagnóstica de los estudios de imagen molecular y anatómica en pacientes con sospecha de amiloidosis cardíaca y la aplicación de estos estudios en los diferentes subtipos de amiloidosis; así como correlacionarlos con las variables clínico-patológicas de interés.

## Resumo:

La pobreza es un fenómeno complejo y difuso, y descomponerla en sus diferentes dimensiones, puede ayudar a delimitarla y comprenderla mejor. Bajo esta idea, se ha desarrollado esta tesis, cuyo propósito es ampliar el conocimiento sobre los factores de riesgo de la pobreza en la infancia, y sobre las dinámicas que la promueven o la inhiben. El trabajo de investigación, se ha desarrollado en tres fases. En primer lugar, se ha hecho una revisión bibliográfica sobre la pobreza y la infancia, desde una perspectiva multidisciplinar, en ámbitos que van más allá del puramente económico, como el de la filosofía, el derecho, la sociología, la psicología o la medicina. El análisis empírico se ha planteado en función de dos objetivos: la identificación de las dimensiones de la pobreza infantil a través de una metodología empírica, y la construcción de indicadores sintéticos de pobreza infantil multidimensional sobre los que, aplicando los índices de Foster, Greer y Thorbecke (1984), se cuantifica la incidencia, intensidad y severidad de este fenómeno. El segundo objetivo es la medición de la pobreza infantil multidimensional a partir de las dimensiones extraídas, y construyendo, además, nuevos indicadores que sintetizan dichas dimensiones, sobre los que finalmente se aplica la conocida familia de índices FGT.

## Teses defendidas en xuño

*Aspectos relevantes de la fibrilación auricular en el paciente anciano*

**PABLO DOMÍNGUEZ ERQUICIA**

**Director/es:** Arturo González Quintela, Emad Abuassi Alnakeeb, Sergio Raposeiras Roubín

**PD:** Investigación Clínica en Medicina

**Data:** 04/06/2024 - Presencial

### Resumo:

Los objetivos de la tesis son: describir la situación actual en cuanto a la prevalencia, manejo y tratamiento de la FA en nuestra Área Sanitaria; analizar la capacidad predictiva de las escalas de riesgo hemorrágico en mayores; estudiar el equilibrio embólicohemorrágico y su efecto sobre la mortalidad; evaluar la seguridad y eficacia de los anticoagulantes en pacientes con pesos extremos, menos de 60 y más de 100 kg.; y estudiar la eficacia y seguridad de la digoxina en pacientes nonagenarios con FA. Material y métodos. Observamos una alta prevalencia de FA y un manejo mejorable del tratamiento antitrombótico en nuestra área sanitaria. Las escalas de riesgo hemorrágico más utilizadas tienen baja capacidad predictiva en pacientes mayores. Los eventos embólicos tienen más peso sobre la mortalidad que los hemorrágicos. La ACO parece segura y protectora incluso en pacientes con peso corporal en los extremos. La digoxina parece segura en pacientes nonagenarios con FA, sin embargo, es preciso tener precaución cuando el filtrado glomerular está gravemente reducido.

*La colaboración entre los profesionales para el desarrollo educativo de niños y niñas con cáncer*

**CARLOS LOUREIRO ROMERO**

**Director/es:** Beatriz Cebreiro López, María del Carmen Fernández Morante

**PD:** Equidade e Innovación en Educación

**Data:** 04/06/2024 - Presencial

### Resumo:

La investigación consiste en un estudio exploratorio de carácter descriptivo para responder al objetivo de analizar la colaboración entre profesionales para proponer estrategias para una orientación educativa y profesional en niños con cáncer. A través de la investigación indagamos en el sistema actual de coordinación que tienen los principales agentes en la atención educativa a niños enfermos de cáncer. Con los resultados obtenidos elaboramos una propuesta que permita mejorar la situación actual. Para comprender la experiencia y la atención que reciben los menores con cáncer es necesario dar cuenta hoy en día de qué medidas se están desarrollando en la práctica. Para ello, nos hemos aproximado a esa realidad a través de un análisis documental sobre las políticas y los protocolos que se están aplicando desde las Administraciones Públicas como agente implicado, y a través del análisis de entrevistas a agentes que están en la realidad cotidiana en contacto con estos menores y que conocen las situaciones desde dentro.

## Teses defendidas en xuño

*Standardization of functional and regulatory genomic annotation technologies in turbot (*Scophthalmus maximus*): Applications to improve fish production*

**ÓSCAR ARAMBURU GONZÁLEZ**

**Director/es:** M. Carmen Bouza Fernández, Paulino Martínez Portela

**PD:** Investigación Básica e Aplicada en Ciencias Veterinarias

**Data:** 05/06/2024 - Semipresencial

### Resumo:

The thesis aims to establish functional and regulatory annotation maps of turbot genome, which will help exploitation of the genetic resources of the species associated with traits of commercial interest, especially resistance to viral and bacterial diseases. During the development of this thesis, an atlas of selection footprints and sweeps in genomic regions associated with key productive traits will be generated, as well as an integration in the new turbot genome assembly of previous functional data generated in the last decade. Moreover, standardized sampling and conservation protocols will be followed, in order to obtain the starting biological material to build the sequencing libraries necessary to elaborate functional and regulatory annotation maps for exposure states to molecular patterns associates with pathogens (ImmunoMaps).

*El equilibrio sagital en la espondilolistesis degenerativa L4-L5: patogénesis, estudio de parámetros espinopélvicos y de los mecanismos de compensación*

**ENRIQUE MARESCOT RODRÍGUEZ**

**Director/es:** Máximo Alberto Díez Ulloa

**PD:** Investigación Clínica en Medicina

**Data:** 06/06/2024 - Presencial

### Resumo:

La tesis parte de la hipótesis de que existe un desequilibrio anterior del tronco en estos pacientes que no existe en todos los pacientes con degeneración lumbar y que, para reequilibrarse, el organismo recluta principalmente la compensación en la columna móvil. Los resultados señalan que el grupo de pacientes tienen un SVA más ventral que el grupo control (35 mm vs. 18 mm, p<0,005, potencia mayor de 80 por ciento). Se reclutan mecanismos de compensación tanto en la pelvis como en la columna, o no alcanzan diferencias estadísticamente significativas en los pacientes (PT/PI) o lo hacen por debajo del nivel de relevancia (PT 19 grados vs. 15 grados en control; menor que la MCID). En cambio, los mecanismos de compensación global en la columna lumbar (lordosis T12-L4) mostraron diferencias (ED 25 grados vs. 17 grados en control, mayor que la MCID). En conclusión, hay un desequilibrio sagital anterior en el grupo de pacientes con ED. El reclutamiento de la compensación es más trascendente en la columna que en la pelvis.

## Teses defendidas en xuño

*Efecto inmunomodulador y epigenético de la cetosis nutricional y compuestos bioactivos de la dieta sobre el riesgo de cáncer asociado a la obesidad*

**PAULA MARIÑO LORENZO**

**Director/es:** Felipe Casanueva Freijo, Ana Belén Crujeiras Martínez

**PD:** Endocrinoloxía

**Data:** 06/06/2024 - Presencial

### Resumo:

